

# MOBILIDADE FUNCIONAL

COMISIÓN de SEGUIMIENTO

Vigo, 18 de Marzo de 2009

O día 16 o Comité de Empresa nomeou os 4 membros que terán que facer o seguimento da pretendida “mobilidade funcional” dos profesionais.

Despois de ter pechado un documento unilateralmente polos seus redactores (dirección) e contando coa aprobación da maioría do Comité (SIT e UGT) a comisión de seguimento, seguindo a nova cultura imposta na negociación colectiva, vetou a presenza dos discrepantes do acordo.

**A C.I.G.** dende o primeiro momento amosou a súa preocupación por esta mobilidade, de aí que as nosas aportacións, (6 puntos), que foron froito do debate cos afectados, tiveran como fin por as máximas garantías para evitar que este proceso fose contaminado coas prácticas discriminatorias habituais, e evitaren así a destrución da capacidade profesional en beneficio daqueles desertores das liñas de produción que no seu momento foron premiados con oficialías pola súa entrega ós postulados da Dirección na súa cruzada fronte o sindicalismo de clase.

Por iso ó noso entender esta Comisión de seguimento, con maior razón que nunca, non debería vetar a ningún sindicato con representación no Comité de Empresa. Pero a Empresa ó igual que fixo no último Convenio, pretende que as comisións de seguimento conleven a obriga de seren asinantes. Se este é o fin que persegue a Dirección, para a C.I.G esta condición non foi nin será a que determine a nosa aprobación, ou non, dun documento. Nin as pedras no camiño, nin os agasallos, serán os que inflúan na toma soberana das nosas decisións.

**A** presa por pechar este Documento, (sendo aínda un borrador), e que tanto dano pode causar non só ás persoas que se vexan afectadas, senón tamén a sociedade que cos seus impostos subvenciona a formación para favorecer un futuro de progreso, colócao baixo sospeita.

Na **C.I.G.**, tal como así o decidimos na nosa Asemblea, entablamos conversas, neste caso con CC.OO, para tomar algunha iniciativa unitariamente ó respecto. Das decisións que adoptemos ámbolos sindicatos terémvos informados.

## Confederación Intersindical Galega

[www.cigcitroen.com](http://www.cigcitroen.com)